

**ENCONTRO** Andrea Núñez, Alicia Fernández e Gonzalo Hermo relativizan a idea de 'xeración dos novísimos' e apuntan a afinidades como o modelo épico

# As visibles confluencias



Alicia Fernández e Gonzalo Hermo participaron con Andrea na segunda das mesas do encontro, que segue hoxe en Oleiros

O rexacemento do patriarcado, con novos enfrontamentos, é algo que vale para todos os respectivos contextos.

M. Dapico - Santiago

"Non considero que pertenza a unha xeración". E, de compartir algúha, "sería coas mulleres coas que aprendo día a día, de dentro e fóra do país, coas persoas que teiman en escrituras alternativas, clásicas ou transmodernas, igual me ten, coas escrituras que me dan de beber cando teño sede, coas que loitan coa palabra para mudar o imposto, o estipulado". A poeta Andrea Núñez achegou reflexións coma estas no seu relatorio no IV Encontro de Novos Escritores, que a Asociación de Escritores en Lingua Galega celebra desde onte en Oleiros.

A autora de *Corrente do esquecemento* participou con Alicia Fernández e Gonzalo Hermo nunha mesa de debate sobre a poesía última. Núñez amosouse en desacordo coas catalogacións alicerzadas na idade e, afinal que matizou que "todas e todos bebemos dunha mesma fonte común": un mesmo sistema literario, unha historia..., indicou que cada un procura o seu propio camiño. Situou a súa propia creación en confluencia coas voces "disidentes contra o patriarcado, contra identidades dominantes", contra a "norma imposta". Aquelas que contribúen a construir unha sociedade na que coullan as diferenzas.



Andrea Núñez é a autora do poemario 'Corrente de esquecemento'

DEBATES | [www.galiciamode.com](http://www.galiciamode.com) | [www.galiciamode.com](http://www.galiciamode.com) | [www.galiciamode.com](http://www.galiciamode.com)

## A influencia da creación dos 90

"É evidente que a década dos 90, coa cantidade e calidad poética que supuxo, impactou, dunha maneira ou doutra, nos que escribimos neste momento", asegurou Alicia Fernández. Pero iso non significa, -reflexionou-, que todo sexa unha mera "copia".

Sublinhou, por outra banda, llinas temáticas compartidas como o rexacemento do patriarcado, e confluencias derivadas de experiencias sociopolíticas, como a boa acollida do modelo épico -também simulada por Hermo-

Hermo apuntou tamén á influencia por parte de autores homes da nova xeración das teses anti-patriarcais das poetas dos 90, -a que tamén se referiu Fernández-, e ao "esgotamento" da visión da xeración dos 90 como a das poéticas femininas do corpo. Xa que autoras novísimas optan por mudanzas no punto de vista, -como o erotismo lésbico, por exemplo- e escritoras consagradas nos 90 baixan esta óptica, como Yolanda Castaño, renuncian a ela no período pos-2000.

Pola súa banda, Hermo opinou que "a referencia xeracional pode resolvérse unha ferramenta útil á hora de enmarcar a escrita no evolución literario do sistema". Do que se trata, -aclarou-, "é de sermos quen de relativizar o poder totalizador que adoitou se lle pretende ao concepto de xeración e traballar con el coa certeza de que estamos a olhar a historia literaria da nación baixo unha óptica que debe ser completada". "Tan irreal é, na miña opinión, asumir a funcionalidade das xeracións de maneira crítica como pretender considerar un autor como ente illado do seu tempo, tradición e literatura contemporáneas", asegurou.

Así, propuso partir da "escolla de tradicións", -de "referentes na literatura inmediatamente anterior"- e a posición que o autor toma a respecto dela para analizar a obra de escritores dun determinado período "sen caer no reducionismo".

"A poesía dos 90 está aí e non en vanos os escritores últimísimos, cos seus silencios e afinidades, han de contribuir necesariamente para canonizar certas figuras ou liñas e facer que outras caigan no esquecemento", engadiu. Salientou, polo demais, a presencia na escrita das autoras e autores novos de aspectos como a denuncia da "perversidade do imperio e a réplica ao modo de producción dominante". Un estudo de calquera xeración "debería ter en conta a producción máis recente de autores xa consagrados", sostivo, para advertir ademais de que as "as xeracións existen de facto" pois funcionan na dinámica do propio sistema, obligando a adoptar posicionamentos. •